

CIRCULAR INICIO DE CURSO

Dámoslles a benvinda a todas as familias da comunidade educativa do CEIP EMILIA PARDO BAZÁN, especialmente ao alumnado que inicia a súa escolarización no noso centro o presente curso escolar.

A continuación informámoslles dalgúns temas de interese para o bo funcionamento do colexio:

* O curso comeza o 8 de setembro de 2022 e finalizará o 21 de xuño de 2023.

* O horario de funcionamento do colexio será o habitual:

+ Programa Madrugadores: 7:30 - 9:00 horas.

+ Sesións lectivas: 9:00 - 14:00 horas.

+ Comedor Escolar: 14:00 - 16:00 horas.

+ Actividades Extraescolares: 16:00 - 18:00 horas.

* O alumnado de 4º curso de educación infantil (3 anos) seguirá o horario establecido no seu Calendario de Adaptación ata o 16 de setembro.

* Os períodos vacacionais serán:

+ NADAL: desde o 23 de decembro de 2022 ata o día 6 de xaneiro de 2023, ambos inclusive.

+ ENTROIDO: días 20, 21 e 22 de febreiro de 2023.

+ SEMANA SANTA: desde o día 3 ata o 10 de abril de 2023, ambos inclusive.

+ DÍAS NON LECTIVOS: 31 de outubro (Día do Ensino), 2 de maio (pendente de aprobación pola Xefatura Territorial de Educación).

* A entrega dos Boletíns Informativos sobre o rendemento escolar do alumnado, realizarase nas seguintes datas:

+ 1ª Avaliación: 22 de decembro de 2022.

+ 2ª Avaliación: 31 de marzo de 2023.

+ 3ª Avaliación: 21 de xuño de 2023.

- As primeiras reunións de titoría coas familias serán nas seguintes datas:

Día	Hora	Cursos / Etapa
13 de setembro	16:00	5º Primaria
14 de setembro	16:00	6º Primaria
15 de setembro	16:00	5º Infantil
20 de setembro	16:00	6º Infantil
21 de setembro	16:00	4º Primaria
22 de setembro	16:00	3º Primaria
23 de setembro	16:00	2º Primaria
26 de setembro	16:00	1º Primaria

* As familias do alumnado de 5º de primaria serán informadas das características do Proxecto de Libro Dixital EDIXGAL na primeira reunión titorial, prevista para o día 13 de setembro de 2022. O obxectivo é dar a coñecer basicamente o equipamento tecnolóxico, así como a plataforma de traballo a utilizar, e as normas e rutinas básicas de uso dos materiais. Por suposto, tamén procuraremos aclarar as dúbidas iniciais na posta en marcha deste proxecto.

* O alumnado de 3º e 4º de primaria recibirá os libros de texto que o colexio lles cede ata finais de curso co compromiso de devolución en perfectas condicións

* O horario de titoría individualizada co profesorado, segue a ser, os luns de 16:00 a 17:00 horas, previa petición de cita.

* O COMEDOR ESCOLAR e o PROGRAMA MADRUGADORES funcionarán desde o día 8 de setembro. Estes servizos son xestionados pola ANPA Milnen@s e a empresa Jardanay.

* Lembrámoslle a toda a Comunidade Educativa as prohibicións de fumar dentro do recinto escolar, así como a de entrar con animais.

* Informámoslles da prohibición de entrar no recinto escolar fóra do horario de funcionamento establecido para cada actividade.

Esperamos contar coa vosa colaboración para cumprir as Normas de Organización e Funcionamento (NOF) das que salientamos as máis importantes:

O colexio abrirá diariamente as súas portas ás 8:50 horas.

O alumnado de educación primaria entrará sen acompañamento familiar pola porta principal, xa non hai quendas pero sería convinte que os primeiros en entrar sexa os maiores.

O alumnado de educación infantil entrará acompañado dos seus familiares ata a porta de entrada do aulario infantil. Non poden cruzar polo patio para saír pola porta principal nin co alumnado de primaria.

Non está permitida a presenza de familiares polos corredores do colexio no horario lectivo, agás para acceder á zona administrativa.

Deberá evitarse a atención do profesorado nos horarios de entrada e saída para temas particulares. Calquera incidencia deberá notificarse por escrito ou a través de canles electrónicas (abalar, mail)

O alumnado non pode traer ao colexio teléfonos móbiles, reprodutores de música ou calquera aparello electrónico.

As familias do alumnado de educación infantil que necesiten acceder ao aulario infantil, durante as sesións lectivas, deberán dirixirse ao persoal de conserxería no edificio de educación primaria identificándose debidamente e indicando o motivo da visita.

As saídas ou entradas do alumnado ao longo das sesións lectivas deberán xustificarse debidamente ante o/a titor/a. No caso das saídas o adulto acompañante asinará no rexistro de saídas. Os retrasos na puntualidade consignaranse no libro de rexistro, considerándose a reiteración de faltas de puntualidade como faltas de disciplina.

Segundo a Lei de Convivencia, lembrámoslles as familias "o deber de respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias".

Para calquera dúbida, solicitude ou suxestión estamos a súa disposición nos teléfonos 981.27.67.81 (Primaria) / 698.139.871 (móbil)/ 981.25.85.28 (Infantil) ou no enderezo electrónico ceip.emilia.pardo.corunha@edu.xunta.gal

Agradecemos a vosa colaboración e desexámoslles un feliz curso escolar a todas e a todos.

A Coruña, 07 de setembro de 2022

A DIRECCIÓN